

Simposio: Antonio Palacios. Obra e legado

Xoves 4 a sábado 6 de abril, Edificio Castelao

Actividade recoñecida para ser imputada cunha equivalencia de 1 ECTS nos estudos de grao en Historia, Historia da Arte e Xeografía e Ordenación do Territorio na Universidade de Santiago de Compostela.

Organiza: Museo de Pontevedra e Grupo de investigación IDEAHS (GI-1510), Universidade de Santiago de Compostela

Dirixen: Jesús Ángel Sánchez, catedrático de Historia da Arte, Universidade de Santiago de Compostela, e Álvaro Bonet, arquitecto, Universidad Politécnica de Madrid

Coordina: Agar Ledo Arias, Museo de Pontevedra

Apoia a coordinación na saída do sábado 6 de abril: Aldana Fernández Cambas, Universidade de Santiago de Compostela

Este ano 2024 cómprese 150 anos do nacemento no Porriño de Antonio Palacios. A condición de Palacios como gran figura protagonista na renovación do panorama da arquitectura española do primeiro terzo do século XX motiva a organización deste simposio de especialistas para reivindicar a vixencia da súa obra e dun legado repartido principalmente entre Galicia e Madrid.

O simposio achega diferentes visións actualizadas de expertos na obra de Antonio Palacios, incluíndo algúns dos estudosos que desde os anos oitenta do século XX veñen chamando a atención sobre a modernidade e leccións da boa arquitectura materializadas polo porriñés. Tamén integran o programa do simposio as colaboracións de especialistas no contexto arquitectónico internacional e nacional, nas artes que completaron a calidade estética dos seus edificios, desde a escultura ata a cerámica, ou nas conexións vitais e profesionais que foi tecendo con diferentes lugares da súa andaina vital.

Xoves 4 de abril

9:30 h. Recepción e entrega de credenciais e documentación

10:00 h. Sesión de benvida institucional

10:30 h. Conferencia de apertura

Antonio Palacios e a exposición do Museo Municipal de Madrid de 1987

Francisco Javier Pérez Rojas, *Universidade de Valencia*

A figura do arquitecto galego Antonio Palacios foi obxecto de desatención historiográfica durante décadas. Ata os anos oitenta, só o amplo artigo de González Amezqueta, publicado na revista *Arquitectura* de 1967, foi o único traballo de referencia para achegarse ao estudo da obra de Palacios. A exposición do Museo Municipal de Madrid sobre "Arquitectura madrileña de la primera mitad del siglo XX. Arbos, Anasagasti, Palacios y Otamendi", supuxo un esforzo notable por actualizar, ampliar e documentar a creación de Palacios, ademais de achegar novos materiais e propostas que facilitaron o desenvolvemento de novas liñas de investigación.

NOTA BIOGRÁFICA: Francisco Javier Pérez Rojas é catedrático de Historia da Arte da Universidade de Valencia. Centrou as súas investigacións na arquitectura e a arte dos séculos XIX e XX. É autor tanto de publicacións de carácter xeral (*Historia del arte español del siglo XX, Art Déco en España, La Eva moderna, La ciudad placentera, Impresionismo valenciano, Cartagena 1874-1936*), como en estudos monográficos sobre diferentes creadores (Antonio Palacios, Muñoz Degrain, Ignacio Pinazo, Joaquín Sorolla, Cecilio Pla, Antonio Fillol, José Mongrell, Romero de Torres e Picasso, entre outros).

De 11:30 a 12:00 h. Pausa

12:00 h. Casticismo e cosmopolitismo na arquitectura española do cambio de século

Luis Sazatornil Ruiz, Universidade de Cantabria

O desenvolvemento da economía industrial provoca, ao longo do século XIX, unha súbita e agresiva transformación das formas de vida. A opulencia das cidades, a expansión da industria e os avances da tecnoloxía tradúcense nunha conmoción perceptiva sen precedentes que promove, en certos ambientes artísticos e literarios, un crecente rexeitamento e unha nostalgia equivalente polo pasado perdido. Na Europa de finais do século XIX os valores tradicionais, aparentemente ameazados polo imparabile progreso, vanse transformar, paradoxalmente, nunha alternativa "pintoresca" ao colapso da cidade, á dureza da vida industrial e á uniformidade cosmopolita da cultura burguesa. As artes da "fin de século", cada vez máis inquietas e reivindicativas, buscan respostas ao imparabile ascenso da sociedade burguesa industrial, coas súas contradicións e os seus imprevistos efectos, e volven entón os seus ollos cara á historia e a paisaxe, cara ás formas de vida tradicional e o mundo rural, para confrontar tradición e modernidade, casticismo e cosmopolitismo, historicismo e tecnoloxía. Desde o rexionalismo de Leonardo Rucabado ao Madrid moderno de Antonio Palacios, os arquitectos tamén participaron neste proceso, oscilando entre unha modernidade inspirada no cosmopolitismo internacional e unha sostida inspiración nas raíces culturais rexionais.

NOTA BIOGRÁFICA: Luis Sazatornil Ruiz é catedrático de Historia da Arte na Universidade de Cantabria. Foi investigador invitado no CSIC, na Universidade París 1, na Escola de Estudos Superiores en Ciencias Sociais e no Centro de Estudos do Museo Nacional de El Prado; dirixiu numerosos proxectos de investigación en convocatorias nacionais e internacionais e é membro de



Deputación
Pontevedra



MUSEO
PONTEVEDRA



IDEAHS

Investigación e Desenvolvemento
en Artes e Humanidades

various consellos de revistas e editoriais de prestixio sobre historia da arte. Nos últimos anos tamén coordinou congresos internacionais, exposicións e monografías sobre estudos urbanos ou intercambios artísticos internacionais, entre as que destacan *Arte y mecenazgo indiano. Del Cantábrico al Caribe* (Trea, 2007); *El arte español entre Roma y París, siglos XVIII y XIX* (Casa de Velázquez, 2014); *Arte, ciudad y culturas nobiliarias en España* (CSIC, 2019) ou *Imago urbis. Las ciudades españolas vistas por los viajeros, siglos XVI-XIX* (Trea, 2019). Na actualidade estuda a imaxe arquitectónica de España no escenario internacional entre os séculos XIX e XX, especialmente a través das exposicións universais.

Xantar

17:00 h. Tres arquitectos para un discípulo: Ricardo Velázquez Bosco, Arturo Mélida, Aníbal Álvarez e Antonio Palacios

Alberto Tellería Bartolomé, Madrid Ciudadanía y Patrimonio

Son moitos os factores que inflúen na obra dun arquitecto, desde a época que lle toca vivir ás novidades técnicas e estilísticas, non sendo o menor a influencia dos mestres que o formaron. E no caso de Antonio Palacios, se a súa obra é o resultado dunha selección persoal das influencias externas modificadas polo seu xenio, non podemos deixar de sinalar que el mesmo recoñeceu a débeda que tivo con tres profesores da Escola de Arquitectura aos que lles profesaba a maior admiración: Ricardo Velázquez Bosco, Arturo Mélida Alinari e Aníbal Álvarez Amoroso. Son estes tres nomes ben coñecidos na historia da arquitectura española, á que pasaron por méritos propios máis aló dos que contraese o seu discípulo; o obxectivo deste relatorio é evidenciar o valor da súa obra e tentar descubrir nela os elementos que puideron exercer maior influxo nas creacións de Palacios.

NOTA BIOGRÁFICA: Alberto Tellería Bartolomé estuda na Escola Técnica Superior de Arquitectura de Madrid, e forma estudo profesional co arquitecto —xa falecido— Vicente Patón. A súa traxectoria profesional inclúe obra nova, rehabilitación de edificios históricos, *stands* e exposicións, e mesmo museos singulares, coma a casa-cova de Tielmes ou o de Los Caños del Peral na estación de metro de Ópera na capital. Ademais, poden mencionarse obras de arte urbana nas estacións Aeroporto, Chamartín e Colombia. Parte fundamental da súa carreira é a investigación do patrimonio histórico, participando nos tres tomos da guía *Arquitectura de Madrid* do COAM, e nos dezasete de *Arquitectura y desarrollo urbano*, que recollen a historia de todos os municipios da comunidade madrileña. A estes traballos hai que lles sumar numerosos artigos en libros e revistas, así como cursos e relatorios sobre temas patrimoniais, incluídas conferencias sobre Arturo Mélida e Velázquez Bosco, mestres de Antonio Palacios. Desde 2009 é vocal técnico da asociación Madrid Ciudadanía y Patrimonio, a principal plataforma patrimonialista madrileña.

18:00 h. Obra inédita de Antonio Palacios

Álvaro Bonet López, Universidade Politécnica de Madrid

A investigación sobre a obra e o personaxe de Antonio Palacios experimentou na última década un grande adianto a partir da aparición de documentación non estudada antes. Cartas, debuxos, planos, proxectos, fotografías e outra clase de datos en revistas históricas e nos xornais deitan nova luz sobre unha figura tan singular; un arquitecto do que sabemos o principal da súa obra, pero cuxa vida se esvaecía entre as sombras en moitos aspectos. Despois do estudo dos últimos anos para a súa tese de doutoramento no programa de Patrimonio Arquitectónico da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade Politécnica de Madrid, Álvaro Bonet pode dar a coñecer un centenar de obras inéditas e achegar documentación descoñecida sobre máis de corenta obras xa recollidas nas publicacións, sumando outras vinte incorporacións ao catálogo de obras atribuídas como palacianas pero que nunca se tiveran en conta nas listaxes anteriores. Así, con motivo do sesquicentenario que celebramos este ano, ofrécese unha actualización do catálogo da obra completa de Antonio Palacios.

NOTA BIOGRÁFICA: Álvaro Bonet López é arquitecto. Titulado en Madrid (2015), é doutorando no programa de Patrimonio Arquitectónico da UPM sobre a obra industrial e comercial de Antonio Palacios. Como investigador, realizou traballos sobre o Canal Real do Manzanares (2008-2010) para o Concello de Madrid e a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Comunidade de Madrid; foi membro do equipo do Inventario de Patrimonio Industrial da Comunidade de Madrid (2006 e 2007). Foi relator en varios congresos nacionais de Patrimonio Industrial (2013, 2017-2023) e na aula GI+PAI da Universidade Politécnica de Madrid, así como noutros congresos internacionais (Waterscapes, Venecia, 2015), tamén é autor dos libros *Trazar a mirada, caderno de viaxe de Antonio Palacios* (2020), e recentemente *Le mando los planos. El legado de Antonio Palacios en Nigrán* (2023). Participa como autor dun capítulo no catálogo da exposición de Vigo *Antonio Palacios. Soños de Modernidade. Compromiso con Galicia* (2020), e no libro de *ITER: An Alliance for the Future* (Planeta, 2021). É membro da Comisión de Patrimonio do Concello de Madrid, investigador externo do Grupo de Investigación IDEAHS da Universidade de Santiago de Compostela (GI-1510), tamén é investigador no equipo de traballo do proxecto "Arquitecturas soñadas. Proyectos fallidos y pensamiento utópico en la historia de la arquitectura de Galicia" (AEI, 2023 a 2027).

De 19:00 a 19:30 h. Pausa

19:30 h. Mesa redonda: "Contextos e miradas á obra de Palacios "

Moderador: Álvaro Bonet López

Participantes:

María Alba Rodríguez Álvarez, arquitecta municipal do Porriño

NOTA BIOGRÁFICA: María Alba Rodríguez Álvarez é arquitecta pola Escola Técnica Superior da Coruña desde o ano 1994. Exerceu a profesión no seu estudo, identificado como Solaina, ata o 2010, tempo no que redactou proxectos de vivendas unifamiliares e colectivas e mais equipamentos públicos, ademais dalgúns documentos de planeamento. Desde o 2003

traballa como arquitecta no Concello do Porriño, onde leva a cabo labores tanto no Departamento de Urbanismo coma no de Vías e Obras e, en xeral, en todos os eidos da Administración municipal, coma acontece en todos os concellos pequenos.

María Morente del Monte, Museo de Belas Artes de Málaga

NOTA BIOGRÁFICA: María Morente del Monte é licenciada en Historia da Arte pola Universidade de Granada e doutora pola Universidade de Málaga, tras a defensa en 1996 dunha tese dedicada ao cambio do concepto de patrimonio histórico ao concepto de patrimonio cultural. Desde 1992 pertence ao corpo facultativo de conservadores de Patrimonio Histórico da Junta de Andalucía, e ocupou cargos de técnica, asesora e xefa do Departamento de Bens Culturais. Na actualidade, e desde 2006, é directora do Museo de Málaga, institución de titularidade estatal, xestionada pola Junta de Andalucía. Entre os anos 2004 e 2015 foi profesora asociada da Universidade de Málaga no Departamento de Historia da Arte, onde impartiu materias de licenciatura, grao e máster vinculadas á xestión cultural, á museoloxía e ao patrimonio cultural. Foi profesora de distintos másteres académicos e profesionais en universidades de Andalucía, relatora da Lei de museos e coleccións museográficas de Andalucía 2007 e comisariou distintas exposicións temporais. Os seus traballos de investigación e publicacións versan principalmente sobre arquitectura e urbanismo do século XX, xestión cultural, museoloxía e patrimonio cultural, temas nos que se implicou como investigadora ou investigadora principal en proxectos de investigación I+D+i Coordinou o Plan museolóxico do Museo de Málaga (2006-2011) e o proceso de rehabilitación e montaxe museográfica do devandito museo na súa nova sede do Palacio da Aduana. É académica numeraria da Academia de Belas Artes de San Telmo (Málaga) e da Academia das Nobres Artes de Antequera (Málaga), ademais de correspondente do Instituto Arqueolóxico Alemán (Madrid).

César Portela Fernández-Jardón, arquitecto

NOTA BIOGRÁFICA: César Portela Fernández-Jardón estudou na Escola Superior de Arquitectura de Barcelona, onde se graduou en 1966, obtendo o doutoramento dous anos despois. Gañou por oposición a cátedra de Elementos de Composición Arquitectónica na Escola de Arquitectura da Coruña, onde exerceu entre o ano 1990 e 2007. O seu interese na restauración e preservación do ambiente urbano, especialmente en Galicia, está reflectido en numerosos proxectos, por exemplo, a remodelación da casa do concello de Brión (1982) e o deseño para un faro en Malpica (1995). É autor tamén da Domus, o Museo Interactivo do Home (1995) xunto a Arata Isozaki, e coautor do Museo do Mar de Galicia, en Vigo, que o arquitecto Aldo Rossi deixou inacabado á súa morte. Son tamén importantes as súas casas para a comunidade xitana en Campañó, a Casa Arturo Estévez en Salcedo e a Casa Luis Rey en Mourente. Obtivo diversos premios, entre outros a Medalla de Ouro do Consello de Europa pola rehabilitación da carballeira de Santa Minia e novas edificacións na súa contorna (concello de Brión, A Coruña, 1982), Premio Galicia de Deseño Territorial (1983), Premio Galicia de Deseño Arquitectónico (1984), Premio Galicia de Arquitectura

(1990), Highly Commended Award of European Urban and Regional Planning, pola recuperación e construción das marxes do río Arnoia (Allariz, Ourense, 1994), Premio Dragados y Construcciones de Arquitectura 1995 polo faro de Punta Nariga, Pedrón de Ouro do Padroado Rosalía de Castro (1997), Premio Nacional de Arquitectura (1999) pola obra da estación de autobuses de Córdoba, Premio Europeo Philippe Rotthier 2002, pola súa obra do cemiterio de Fisterra.

Isabel Ordieres Díez, *Hispania Nostra*

NOTA BIOGRÁFICA: Isabel Ordieres Díez é doutora en Historia da Arte e profesora titular da Escola de Arquitectura da Universidade de Alcalá. A súa actividade investigadora e publicacións xiraron arredor da historia da restauración e conservación monumental en España no século XIX e nas primeiras décadas do XX. Tamén escribiu sobre arquitectura do século XIX e dedicoulles monografías a diversos arquitectos como Leonardo Rucabado, Eladio Laredo ou Joaquín Rucoba. Foi convidada como profesora en distintos cursos e másteres e asesorou institucións públicas e privadas sobre patrimonio, restauración e xestión cultural. Participou como membro de equipos interdisciplinares en plan especiais de conxuntos histórico-artísticos e proxectos de restauración de BIC. Coordinou tamén propostas de rehabilitación integral e realizou exposicións sobre estes temas. Creou e foi directora da revista *Hispania Nostra*. É autora dos dous tomos divulgativos titulados *Patrimonio histórico de la Comunidad de Madrid* publicados pola Dirección Xeral de Patrimonio da CAM.

Venres 5 de abril

9:30 h. Tres espazos urbanos para a cultura (e o lecer): Teatro García Barbón, Círculo de Belas Artes e Palacio das Artes

Jacobo Armero Chauton, arquitecto

Que era a cultura para Antonio Palacios? De que disciplinas se compoñía? Como a entendía este arquitecto tan polifacético? Se houbera unha característica que se puidese destacar da arquitectura urbana de Antonio Palacios dedicada ao que hoxe chamamos cultura, podería ser esta a súa capacidade para conectar os distintos usos internos do edificio. A escaleira convértese así na columna vertebral, na razón de ser, e a circulación do público no fío condutor dunha distribución que, segundo o propio Palacios, “constitúe a súa esencia”. Na súa relación coa contorna urbana, atopámonos con artefactos inmersos nunha continua conversación coa cidade. Fálanos esta arquitectura do carácter do seu autor, da súa personalidade, das súas pegadas dactilares. A través dos seus tres principais proxectos urbanos dedicados ás artes e o lecer —o Teatro García Barbón, o Círculo de Belas Artes e o non construído Palacio das Artes—, trataremos de aprender algo máis sobre a obra dun artista sempre enigmático e inabarcable.

NOTA BIOGRÁFICA: Jacobo Armero Chauton é arquitecto pola Escola Técnica Superior de Arquitectura de Madrid. Realizou diversos traballos no ámbito da xestión cultural, nos que foi responsable da produción, comisariado, montaxe ou edición das publicacións en diversas exposicións, entre os que destacan, por unha banda, o comisariado da exposición *Antonio Palacios, constructor de Madrid* (Círculo de Belas Artes, Madrid, 2001; A Coruña, Kiosko Alfonso 2002; Vigo, Estación marítima, 2002), pola que recibiu os premios Calidade, Arquitectura e Urbanismo da Comunidade de Madrid (2003) e Urbanismo, Arquitectura e Obra Pública do Concello de Madrid (2003), e, por outra, o comisariado da exposición permanente *Vida del palacio de Cibeles* (CentroCentro, palacio de Cibeles, Madrid, 2023). Interesouse sempre pola divulgación da arquitectura e o urbanismo da súa cidade natal e publicou numerosos artigos en prensa, primeiro no diario *El Mundo* e despois en *El País*. En 2019 publicou a súa primeira novela, *Historias de un agente inmobiliario* (Lumen).

10:00 h. A contribución escultórica de Ángel García

Juan Manuel Arévalo Cartagena, arquitecto

O escultor madrileño Ángel García foi autor de boa parte do ornato na arquitectura palaciana. Aínda que colaborou con arquitectos de renome a principios do século XX, é con Antonio Palacios con quen as súas pezas acharon unha linguaxe singular. A súa obra no Palacio de Comunicacións ou as cariátides do Banco del Río de la Plata definen en gran medida a imaxe que perdura nestes edificios. Brillante, moi coñecido na súa época e ata hai pouco esquecido, Ángel García formou parte do círculo de artistas próximo a Palacios. O arquitecto proxectou o estudo do seu amigo e ambos configuraron a *Virxe da Roca*.

NOTA BIOGRÁFICA: Juan Manuel Arévalo Cartagena é doutor arquitecto pola Escola Técnica Superior de Arquitectura de Madrid. A súa tese, *Arquitectura y escultura en la obra de Antonio Palacios y Ángel García*, dirixida por Pedro Navascués, foi defendida en 1999. Entre os seus textos figuran "Palacios y las artes decorativas" en *Antonio Palacios, constructor de Madrid* (2001) e "Un escultor para arquitectos. La obra de Ángel García" para a revista *Goya* (2004). Colaborador no *Diccionario biográfico español* da Real Academia da Historia (2009), recentemente participou como asesor sobre escultura na exposición *Vida del palacio de Cibeles* (2023) e no catálogo para a exposición *Madrid Madrid Metrópolis, el sueño de Antonio Palacios* (2024).

10:30 h. En torno ao tempo de Antonio Palacios: cerámicas e arquitectura

Antonio Perla de las Parras, Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED)

A obra de Antonio Palacios ten un compoñente fundamental en torno á cor, unha cor sumada a través da cerámica. A situación da arquitectura e a súa implicación coa cerámica desde o terceiro terzo do século XIX é bastante desigual na Península, pero conta con expoñentes determinantes que van marcar a obra do noso arquitecto. A figura de Ricardo Velázquez Bosco é fundamental neste proceso, como parecen selo tamén algunhas das

experiencias que en Europa están a levarse a cabo. Nesta intervención propónse un breve repaso por algúns destes fitos que puideron influílo na súa concepción arquitectónica, mostrando semellanzas e diferenzas conceptuais.

NOTA BIOGRÁFICA: Antonio Perla de las Parras é doutor en Historia da Arte e profesor da UNED. Traballou en diversos proxectos de conservación e restauración, así como en direccións de obra en edificios e bens como o Antigo Hospital Obreiro de San Francisco de Paula, Madrid; o palacio de Velázquez e o palacio de Cristal, en El Retiro; o Ministerio de Fomento, actual de Agricultura, en Madrid; a cartuxa de Santa María de las Cuevas (dirección dos traballos de conservación e restauración), en Sevilla; a recuperación dos anuncios comerciais en azulexo da antiga estación do Vasco, en Oviedo; a recuperación do conxunto de azulexo do claustro procesional (claustro da Mona), do convento de comendadoras de Santiago, en Toledo; a subestacion eléctrica de Pacífico do Metropolitano de Madrid; a capela dos Fuente (ou de san Xerónimo) no convento da Concepción Francisca, en Toledo, ou a recuperación do azulexo da Sala Gloria Fuertes do edificio de Correos de Madrid. Traballou en diferentes estudos relacionados coa obra de Palacios e a cerámica aplicada na arquitectura madrileña, entre outros, "Maudes una arquitectura de anticipación. La cerámica, el reflejo del sol; Antonio Palacios y la cerámica: luz y color en la arquitectura" (Círculo de Belas Artes); "La cerámica (Un monumento recuperado); Testimonios del empleo de la cerámica en la creación del Metro de Madrid; Vino, arte y publicidad en los inicios del siglo XX" (UNED Pontevedra); "Cuando el pasado se confunde con el futuro: Sebastián Aguado y Portillo y la búsqueda de unas señas de identidad; Desde Madrid, el color en la obra de Antonio Palacios" (UNED Ourense); "Cerámica monumental para unha arquitectura monumental" en *Antonio Palacios. Soños de modernidade. Compromiso con Galicia*.

De 11:00 a 11:30 h. Pausa

11:30 h. **Antonio Palacios e o ceramista Sebastián Aguado: 'Farei de vostede un ceramista monumental'**

Rosalina Aguado Gómez, Taller de Cerámica Aguado, Toledo

Nesta conferencia abordarase a relación profesional e de amizade de Antonio Palacios e o ceramista Sebastián Aguado, a través das súas cartas e materializada nas grandes pezas cerámicas realizadas para o Metropolitano de Madrid e para o Círculo de Belas Artes. Antonio Palacios pensou na aplicación da cerámica como aceno de identidade do metro, decorando con gusto e dignidade os espazos subterráneos, para o que atopou en Daniel Zuloaga e en Sebastián Aguado dous grandes artistas capaces de facer realidade as súas ideas. Aguado realizou a monumental ornamentación proxectada por Palacios, que este lle enviaba en forma de rápidos bosquejos, para tres estacións: Sol, Progreso-Tirso de Molina e Retiro. Sorprende a calidade e monumentalidade dos grandes escudos en altorrelevo de clara inspiración rexionalista. O seu estilo cambiará nas decoracións do Círculo de Belas Artes, pois ademais do acusado monumentalismo que o caracterizou, inclinouse tamén cara a formas moi depuradas, reinterpretando a arquitectura clásica nos espazos interiores. Por

último, a intención é dar a coñecer un proxecto de Antonio Palacios en Toledo, realizado pola amizade que o unía ao ceramista: o local de exposición e venda das cerámicas do taller Aguado, fronte a San Juan de los Reyes, que incluía varios pavillóns para vivenda e que quedou inconcluso.

NOTA BIOGRÁFICA: Rosalina Aguado Gómez é licenciada en Xeografía e Historia, na especialidade de Historia da Arte, e doutora pola Universidade Complutense de Madrid. A súa tese de doutoramento leva o título de *O pintor Matías Moreno (1840-1906)*, coa cualificación de apto *cum laude*. Ceramista e profesora de Historia da Arte do corpo de Artes Plásticas e Deseño do MEC, por oposición desde o ano 1991, traballou nas escolas de arte de Ciudad Real e Burgos, continuando na actualidade o seu labor docente na Escola de Artes de Toledo. Membro da Confraría Internacional de Investigadores e académica de número da Real Academia de Belas Artes e Ciencias Históricas de Toledo, onde desempeña actualmente o cargo de anticuaria, é ceramista vocacional, alumna do seu pai, José Aguado Villalba, continuando coa tradición familiar de cerámica de corda seca, aresta, sobre cuberta e reflexo metálico, aínda que só nunha ocasión presentou obra persoal nunha exposición, a colectiva de profesores da Escola de Arte en Sasamón (Burgos) en 1999 e na de Toledo en 2021. O seu labor de investigación está centrado no estudo da cerámica en Toledo desde a etapa califal ao século XX, especialmente nas técnicas medievais e renacentistas do azulexado, a corda seca e a aresta.

12:00 h. O Museo Zuloaga de Segovia como fonte documental para o estudo da cerámica aplicada na arquitectura de finais do XIX e principios do XX

Cristina Gómez González, Museo Zuloaga

Daniel Zuloaga Boneta (1852-1921) foi un artista polifacético, nacido nunha familia de artesáns do metal, que se formou en Francia na Escola de Cerámica de Sèvres e en pintura co seu cuñado Ignacio Suárez Llanos. Traballou nos grandes obradoiros de cerámica do momento ata que se establece finalmente en Segovia, transformando a desacralizada igrexa de San Juan de los Caballeros no seu obradoiro, escola e vivenda. Desde o seu inicio como ceramista comeza a colaborar cos máis destacados arquitectos do momento, realizando decoracións cerámicas para fachadas e interiores. Estas colaboracións plásmanse na numerosísima correspondencia, planos, debuxos, fotografías, bosqueños etc., que se intercambian entre eles para realizar estes traballos. Afortunadamente, na actualidade, o Museo Zuloaga de Segovia, pertencente ao sistema de Museos da Junta de Castilla y León, e que se sitúa na igrexa de San Juan de los Caballeros, ademais dunha importante colección de cerámica de Zuloaga, pinturas, mobiliario etc., conserva unha gran cantidade de documentación, reunida polos fillos de Daniel, na que se pode rastrexar o desenvolvemento dos seus traballos, desde que xesta a idea ata que a plasma en cerámica.

NOTA BIOGRÁFICA: Cristina Gómez González é licenciada en Belas Artes, especialidade de Restauración de Pintura e Escultura, pola Universidade

Complutense de Madrid. En 1993 ingresa mediante concurso-oposición no Centro de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Castela e León, pertencente á Consellería de Cultura e Turismo da Junta de Castilla y León. Aquí realizou funcións de restauración de obras de arte, elaboración de informes e memorias finais, redacción de proxectos de diagnoses, valoración económica e dirección técnica de traballos de restauración, asesoramento técnico para montaxes de exposicións, traslado de bens culturais, proxectos museísticos etc. Desde setembro do 2012 ingresa mediante concurso de traslados no Museo de Segovia, onde realiza funcións de restauración, revisión, mantemento e conservación da colección do devandito museo e do Museo Zuloaga de Segovia, a súa filial. Forma parte do Relatorio Técnico da Comisión Territorial de Patrimonio Cultural de Segovia, e realiza diversos labores de revisión, informe e asesoramento sobre intervención en bens mobles para o Servizo Territorial de Cultura de Segovia.

12:30 h. O modernismo na arquitectura de Antonio Palacios: fontes de inspiración e referencias estilísticas

Óscar da Rocha Aranda, Instituto de Humanidades Francesco Petrarca

A principios do século XX o singular sincretismo estilístico de Antonio Palacios, tan recoñecible como xenuinamente orixinal, conciliou de modo admirable diversas correntes tradicionais e modernas: herdanza Beaux-Arts, clasicismo, historicismo, rexionalismo, monumentalismo, *art déco*, novos sistemas e materiais construtivos e mesmo trazos extraídos, asemade, do neobarroco e da arquitectura comercial norteamericana. A todo iso habería que engadir, por suposto, o modernismo, particularmente na súa versión vienesa ou secesionista. O arquitecto porriñés, do mesmo xeito que moitos dos seus contemporáneos, familiarizouse co novo estilo mediante viaxes por Europa, pero tamén a través do estudo de publicacións e revistas estranxeiras de arte e arquitectura, moitas das cales non foron suficientemente analizadas como fontes de inspiración para o ingrediente modernista que podemos achar, con diversa intensidade, en varias obras proxectadas ou realizadas nas primeiras décadas da súa actividade profesional.

NOTA BIOGRÁFICA: Óscar da Rocha Aranda é doutor en Historia da Arte pola Universidade Autónoma de Madrid e profesor de Arte Contemporánea do Instituto de Humanidades Francesco Petrarca. Especializado na investigación e o estudo da arquitectura dos séculos XIX e XX, publicou diversos libros verbo disto, entre os de que destacan: *Arquitectura madrileña del eclecticismo a la modernidad: Jesús Carrasco-Muñoz (1869-1957)*, *Un hito centenario de la arquitectura madrileña: la sede del Casino de Madrid (1903-2003)*, *Madrid Modernista: guía de arquitectura* e *El modernismo en la arquitectura madrileña: génesis y desarrollo de una opción ecléctica*. Ao longo da súa traxectoria profesional, traballou para a Fundación COAM (Servizo Histórico), a Unidade de Parques Históricos do Concello de Madrid (Xardín de El Capricho da Alameda de Osuna), a Real Academia da Historia (*Diccionario biográfico español*), o Servizo de Arquitectura e Patrimonio da Comunidade de Madrid (Catálogo rexional de patrimonio



Deputación
Pontevedra



MUSEO
PONTEVEDRA



IDEAHS

Investigación e Desenvolvemento
en Artes e Humanidades

arquitectónico), a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do Concello de Madrid (Web Monumentamadrid) e o Instituto Superior de Arte I|Art (coordinador do Colexio de Arte Contemporánea). Tamén é socio fundador da asociación cultural Ahora Arquitectura.

Comida

16:30 h. Utopías urbanas: o Plan de reforma interior e ensanche de Vigo (1932)

Jesús Ángel Sánchez García, Universidade de Santiago de Compostela

As propostas urbanísticas de Antonio Palacios arrincan a finais da década dos anos dez, cando xa tiña ben recoñecido o prestixio profesional grazas ás grandes obras para Madrid e decidiu explorar outras posibilidades como “arquitecto de cidades”. Coñecendo as ideas que viñan do século XIX, nomeadamente a cidade-xardín de Howard, pero tamén as propostas do urbanismo Beaux-Arts triunfantes nos grandes concursos internacionais —Novo Guaiquil, Barcelona, Tesalónica—, Palacios despregou a súa enerxía creativa en proxectos aplicados para os seus escenarios vitais, repartidos entre Madrid e Galicia. Entre eses proxectos, o máis utópico foi sen dúbida o plan para a reforma interior e ensanche da cidade de Vigo, elaborado entre 1919 e 1932 coa intención de orientar o anárquico crecemento urbano ata convertela na Barcelona do Atlántico. A planificación estendida ata a escala da bisbarra, comprendendo as vilas satélite nas dúas marxes da ría, integraba no técnico unha ordenación funcional e prioridade dos novos medios de transporte, pero tamén unha coidada calidade estética no monumental eixe central, conxugada coa busca da calidade de vida nas barriadas de baixa densidade convivindo coa natureza.

NOTA BIOGRÁFICA: Jesús Ángel Sánchez García é doutor en Historia da Arte e catedrático na Universidade de Santiago de Compostela. Ten como liñas principais de investigación a historia da arquitectura e do urbanismo nos séculos do XVIII ao XX, con especial atención a tipoloxías coma teatros, faros, cárceres, hospitais e cines. En relación coa arquitectura de Antonio Palacios, xa foi obxecto de análise no estudio do Teatro García Barbón para a súa tese de doutoramento sobre os teatros en Galicia (1995), e tamén nas consideración sobre a conservación das cidades históricas no artigo “Miradas a los conjuntos históricos en Galicia. Antecedentes para la percepción del paisaje urbano como patrimonio” (Quintana, 2013). Máis recentemente foi comisario da exposición *Antonio Palacios. Soños de Modernidade. Compromiso con Galicia*, realizada no Museo do Mar de Galicia entre novembro de 2021 e marzo de 2022. Ademais da coordinación e edición científica do volume de estudos que acompañou esta exposición, recentemente publicou diferentes artigos sobre os modelos urbanísticos internacionais que lle serviron a Antonio Palacios de inspiración para o plan de Vigo, ou analizando as propostas de reformas nas cidades históricas de Ourense e Santiago de Compostela, con especial atención ao proxecto da rúa de Galicia, ideada para desconxestionar o tráfico e dirixir os modernos peregrinos ata a sorpresa final da praza do Obradoiro.

17:00 h. Culminación do proxecto dunha vila balnearia: as obras de Palacios en Mondariz

Yolanda Pérez Sánchez, Universidade da Coruña

Ao longo de case dúas décadas, Antonio Palacios proxectou e dirixiu as principais obras de ampliación do Balneario de Mondariz, fundado polos irmáns Enrique e Ramón Peinador Vela en 1873. A monumentalidade dos edificios que integrarán o establecemento, desde a construción do Gran Hotel en 1898, expresaba formalmente o ambicioso proxecto dos fundadores, dispostos a converter Mondariz nun centro modélico de lecer e saúde e nunha das empresas turísticas máis importantes do país. A iso responden iniciativas como a sociedade para a liña do tranvía eléctrico Mondariz-Vigo e o sanatorio para artríticos, vinculado a unha escola de terapéutica física e ao Museo de Historia Natural de Galicia. Estes e outros proxectos, algúns deles frustrados, continuarán baixo a dirección de Enrique Peinador fillo a partir de 1907. A esta etapa pertence a obra palaciana, a través da cal se materializa a creación dunha vila balnearia. Un longo proceso durante o cal Antonio Palacios pon de manifesto o seu compromiso coa visión dos Peinador.

NOTA BIOGRÁFICA: Yolanda Pérez Sánchez é profesora na Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña. Doutora en Historia da arte e máster en Renovación e Rehabilitación Urbana pola Universidade de Santiago de Compostela, cursou un posgraduado de Especialización en Historia e Estética da Cinematografía (Universidade de Valladolid), ademais do máster en Filosofía pola UNED. Formou parte do equipo de diversos proxectos de investigación da Universidade de Santiago de Compostela financiados por entidades públicas cos grupos de investigación do Departamento de Historia da arte ARTCONTE (Arte e Estética Contemporánea) e HAAYDU (Historia da Arte, da Arquitectura e do Urbanismo), entre os máis recentes os proxectos de I+D+i do Ministerio de Ciencia e Innovación: "Paisajes y Arquitecturas del error. Contra-historia del paisaje en la Europa latina (1945-2020)" e "Memoria del patrimonio arquitectónico desaparecido en Galicia. El siglo XX". Realizou estadias de investigación en centros como a Avery Architectural and Fine Arts Library (Universidade de Columbia), a Architectural Association School of Architecture de Londres, a Facultade de Arquitectura da Universidade do Porto, a Escola Técnica Superior de Arquitectura de Barcelona (Universidade Politécnica de Cataluña), o Intituto Getty de Investigación, nos Ánxeles, e o Instituto Nacional de Historia da Arte de París

17:30 h. Antonio Palacios. Arquitectura relixiosa

José Ramón Soraluze Blond, Universidade da Coruña

A selección do tema desta conferencia pola organización do presente simposio fai necesario separar do total da obra arquitectónica de Antonio Palacios os seus proxectos de templos e edificios relixiosos. É posiblemente neste capítulo da construción onde atopamos o arquitecto máis ecléctico e radical. Os seus proxectos van desvelando as orixes da súa propia formación como arquitecto, a súa docencia como profesor na Escola de Arquitectura, así como o seu interese

por experimentar en Galicia unha liña arquitectónica ecléctica interpretada como rexionalista por uns e neomedieval ou pintoresquista por outros. Os templos de Palacios responden tamén a uns novos modelos relixiosos propios do cambio de século, cargados de forte contido espiritual e situacións prominentes no urbanismo. As técnicas construtivas utilizadas remítennos ao pasado de Galicia, ao dominio da cantería e ás estruturas isostáticas dos grandes monumentos.

NOTA BIOGRÁFICA: José Ramón Soraluze Blond é doutor arquitecto e catedrático xubilado de Composición Arquitectónica na Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña (1991-2017). É académico numerario da Real Academia Galega de Belas Artes (1986), académico (correspondente) da Real Academia de Belas Artes de San Fernando (1987), académico (correspondente) da Real Academia de Belas Artes de San Jorge de Cataluña (1990), membro numerario do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses (2016), membro do Comité Asesor do Camiño de Santiago da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia (2013-2024). Entre as súas obras de restauración e rehabilitación podemos destacar a restauración do pazo do Pilar en Corcubión (1977), a restauración do castelo de San Carlos en Fisterra (1977), a restauración do castelo da Concepción en Cedeira (1989), a rehabilitación da igrexa parroquial de Buxantes en Dumbría (1990), a restauración da igrexa parroquial de Dexo en Oleiros (1990) ou a rehabilitación da igrexa parroquial de Ameixenda en Cee (1992). Algunhas das súas publicacións son *Castillos y fortificaciones de Galicia. La arquitectura militar de los siglos XVI-XVIII* (1985); *Arquitecturas da provincia da Coruña* (19 tomos, 1995-2020); *Historia de la arquitectura restaurada. De la antigüedad al Renacimiento* e *Historia de la arquitectura restaurada. Del Renacimiento al Movimiento Moderno* (2 tomos, 2008-2010); *Historia de la Arquitectura Gallega: Tomo 2. La edad del humanismo y La arquitectura de la Galicia contemporánea* (2020).

18:00 h. Imaxes e soños: arquitectura de Antonio Palacios en Galicia

Alfredo Vigo Trasancos, Universidade de Santiago de Compostela

Coñecido por ser o grande artífice do Madrid metropolitano de principios do século XX, Antonio Palacios, orixinario do Porriño (Pontevedra) e autor da máis elocuente arquitectura monumental, foi, tamén, un dos arquitectos galegos que máis se implicou na construción da imaxe de Galicia que quixo ver entre o cosmopolitismo máis exacerbado e a tradición autóctona máis xenuína e espiritual. Estes dous mundos, que el asociou co urbano e co rural, explican en gran parte os seus soños e fantasías, que se identifican co máis específico da alma galega. A súa arquitectura é, así, toda unha lección de coñecementos históricos interpretados dunha maneira moi persoal, creativa e auténtica. Foi un grande ecléctico, un grande historicista, un consumado coñecedor de todos os estilos occidentais da historia e do seu tempo, pero sobre todo un creador vehemente e apaixonado que desexou para Galicia unha arquitectura propia que evocase todas as esencias da súa identidade.

NOTA BIOGRÁFICA: Alfredo Vigo Trasancos é catedrático de Historia da Arte e profesor emérito da Universidade de Santiago de Compostela, un recoñecido

experto en temas de arquitectura e urbanismo, que estudou de maneira moi especial o século XVIII, particularmente o Barroco e a Ilustración, así como as cidades da Coruña e Ferrol e a catedral de Santiago en ambos os períodos históricos. É autor de diferentes libros de gran proxección e de máis dun cento de artigos de investigación que publicou en diferentes revistas de carácter científico. Foi tamén director de varias teses de doutoramento, investigador principal de numerosos proxectos de investigación de carácter autonómico e nacional, coordinador dun grupo de investigación da universidade compostelá e comisario de distintas exposicións. Na actualidade é director da revista *Quintana* de historia da arte, membro de número do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses e académico correspondente da Real Academia de Belas Artes de San Fernando de Madrid. En 2011 recibiu a insignia de ouro da cidade de Ferrol.

De 19 :00 a 19:30 h. Pausa

19:30 h. Mesa redonda: Legado de Antonio Palacios en Galicia

Moderador: Jesús Ángel Sánchez García

Participantes:

Pilar Corredoira López, comisaria de exposicións

NOTA BIOGRÁFICA: Pilar Corredoira López é licenciada en Historia da Arte pola Universidade Central de Barcelona. A súa andaina profesional comeza a principios da década dos oitenta do pasado século e desenvolveuse no campo da arte contemporánea. En 1986 leva a cabo unha serie de visitas aos museos nacionais de Washington dependentes da Fundación Smithsonian, dentro do programa de visitantes internacionais convidada pola embaixada dos EUA. O seu labor viuse reflectido na área da xestión e en máis dun cento de comisariados de exposicións, en museos e centros culturais galegos europeos e americanos, entre as que destacan: *Reimundo Patiño*, Centro Cultural do Conde Duque, Madrid (1986); *Galicia tradición y diseño* (Design Center Stuttgart, Alemaña, (1991); *Maruja Mallo. Antoloxía*. CGAC (1993) e Museo Nacional de Belas Artes de Bos Aires (1994); *Itinere*. CGAC (1994); *Castillo. Naturalezas urbanas*, Universidade Católica de Santiago de Chile (1994); *Memoria e vangarda. 8 pintores de Galicia*, no Centro BBVA, San Juan de Porto Rico; *Arquitecto Antonio Palacios*, Museo de Belas Artes da Coruña (1998) e Casa das Artes de Vigo (1999); *Quessada e Acisclo, memoria e liberdade*, Museo da Pía Almoina, Barcelona, e Healey Library da Universidade de Massachussets, Boston (2000-2001); *Eugenio Granell, en el paraíso centroamericano*, Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela (2012); *Luis Gabú, arte y ritual en la catedral de Santiago de Compostela*, Museo Antropolóxico de Madrid (2013). *El universo de Xaime Quessada*, Museo de Pontevedra (2020); *Castillo, escultor*. Museo Gaiás, Cidade da Cultura de Galicia, Santiago de Compostela (2021-2022). Colabora con artigos de arte en revistas especializadas e xornais, actualmente ten unha columna semanal en *El Diario de Madrid* (www.eldiariodemadrid.es).

Felipe-Senén López Gómez, Real Academia Galega de Belas Artes

NOTA BIOGRÁFICA: Felipe-Senén López Gómez é carballiñés, formado en Historia da Arte na universidade compostelá, e vive en profundidade a construción da Veracruz, obra de Palacios que estuda e difunde en momentos no que o arquitecto era silenciado. Contextualiza a Palacios no espazo e no tempo. Arqueólogo, museólogo, conservador do Museo Arqueolóxico da Coruña de 1975 a 1997, técnico de Cultura da Deputación da Coruña de 1997 ao 2015, numerario de varios colectivos e cunha intensa obra arredor do simbolismo e como historiador da cultura galega, preocupado pola rehabilitación e revitalización do patrimonio cultural.

Santiago Rodríguez Caramés, Universidade de Santiago de Compostela

NOTA BIOGRÁFICA: Santiago Rodríguez Caramés é graduado (2016) e doutor (2023) en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela. Desenvolveu a súa tese de doutoramento, *O lugar da arquitectura galega contemporánea (1970-2000): autorreflexións e olladas vernáculas. Teoría, historiografía, praxe*, dirixido por Jesús Ángel Sánchez García. Especializado en Historia da Arquitectura, é colaborador externo do grupo Investigación e Desenvolvemento en Artes e Humanidades (IDEAHS), anteriormente coñecido como HAAYDU. No marco deste grupo participou no proxecto "Memoria del patrimonio arquitectónico desaparecido en Galicia. El siglo XX" (MEPAGAL, AEI-Generación del Conocimiento 2019, PID2019-105009GB-I00), e actualmente en "Arquitecturas soñadas. Proyectos fallidos y pensamiento utópico en la historia de la arquitectura en Galicia" (ARSOGAL, AEI-Generación del Conocimiento 2022, PID2022-137098NB-I00), neste caso sobre arquitecturas non realizadas en Galicia. Realizou unha estada de investigación no CITCEM da Facultade de Letras da Universidade do Porto (2021). Na actualidade fai parte da Delegación Diocesana de Arte Sacra do Arcebispado de Santiago de Compostela. Participou en congresos e simposios nacionais e internacionais e publicou en revistas como *Quintana* ou *Espacio, Tiempo, Forma. Serie VII Historia del Arte*, así como no volume *Antonio Palacios. Soños de modernidade. Compromiso con Galicia* (2020), coordinado por Jesús Ángel Sánchez García.

Ruth Varela Rodríguez, Investigadora Juan de la Cierva UDC/CISPAC

NOTA BIOGRÁFICA: Ruth Varela Rodríguez é doutora arquitecta con sobresaliente *cum laude* e mención internacional. Recibiu o Premio Extraordinario de Doutoramento da Universidade da Coruña (UDC) pola tese *Exploración e construción de coñecemento sobre patrimonio cultural mediante formalismos gráficos*. Na actualidade é investigadora cunha bolsa Juan de la Cierva na UDC/CISPAC, desenvolvendo unha liña de investigación sobre *As paisaxes do coñecemento*. É membro da unidade de investigación Paisaxe, Arquitectura e Cidade, pARQc, da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña (UDC); é presidenta da Asociación Cultural Flor de Santiago, presidenta da delegación da Coruña do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) e tesoureira da Fundación Castelao. Anteriormente foi investigadora FPI no Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC). Ao longo da súa traxectoria publicou o ensaio *Flor de Santiago*, froito dunha investigación de máis de dez anos, e artigos en *Pasajes de Arquitectura y Crítica; ViA Arquitectura; Racons Publics; Journal of Interdisciplinary Studies in Architecture and Urbanism* (ZARCH); na *Revista Indexada de Textos Académicos* (RITA);

Mediterranean Archaeology and Archaeometry (MAA) de Grecia; Ágora do Orcellón; Crítica Urbana, Tempos Novos, Luzes, ou El Cultural de El Mundo, entre outros.

Sábado, 6 de abril

De 10.00 a 20:00 h

Prazas limitadas

Saída para visitar obras de Antonio Palacios en Vigo, Nigrán, Baiona, O Porriño e Mondariz-Balneario

10.00. Saída de Pontevedra

10.30. Vigo: visitas ao Teatro García Barbón e Banca Viñas Aranda

12.00. Panxón (Nigrán): visita ao Templo Votivo de Panxón

13.40. Baiona: visita á Virxe da Rocha

14.15. Xantar

16.00. O Porriño: visita á Botica, fonte do Cristo, casa consistorial e templete do Metro. Tumba de Antonio Palacios

18.00. Mondariz-Balneario: visita ao balneario

19.30. Retorno a Pontevedra